



PABLO PORTELA FERNÁNDEZ, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE REDONDELA

CERTIFICO: que no Pleno do Concello, na sesión ordinaria núm. 12 celebrada o 05/09/2019, a seguinte proposta de acordo coa emenda proposta polo GPM BNG, obtivo 11 votos a favor (09 do PP e 02 do BNG) e 10 votos en contra (07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER), resultando aprobada coa maioría legalmente esixida:

“Visto o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e no Regulamento de dotación económica aos grupos políticos municipais do Concello de Redondela (BOP n.º 80, do 26/04/2019), teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción dos seguintes acordos en relación ao asunto de referencia:

1. Establecer que para o funcionamento dos Grupos Políticos, a axuda económica será de 3.600 € brutos anuais por cada grupo, máis 1.200 € brutos anuais por cada concelleiro/a que teña o grupo político. O pago da asignación será trimestral e terá o carácter de pagamento que hai que xustificar.
2. Establecer que cada grupo municipal nomee a un ou dous dos seus membros como responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos percibidos.
3. Determinar que as asignacións a grupos políticos xustificaranse mediante a presentación dunha conta xustificativa composta polas facturas e demais documentos acreditativos dos gastos, listados de movementos bancarios da conta corrente para acreditar o pagamento das mesmas e os rexistros contables, de acordo co disposto no Regulamento de dotación económica aos grupos políticos municipais do Concello de Redondela.
4. Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase a habilitación da correspondente partida orzamentaria.
5. Publicar Integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Redondela o presente acordo ao abeiro do previsto no artigo 75 bis 5. da LBRL.”

E, para que conste, expido e asino a presente certificación, coa advertencia sinalada no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de atoparse pendente de aprobación a acta que contén este acordo, e a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, de orde e co visto e prace da sra. Alcaldesa.

Documento asinado e datado dixitalmente na marxe.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 4DJPNM3RWXGSS3WACFJGR7SCE | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1